

PROGRAMA DE ACOLLIDA

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

Este programa ten por finalidade facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2020/21.

Normativa de referencia: Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/21, nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Prazo de desenvolvemento: Do 10 ao 25 de setembro de 2020.

Data de presentación ao Consello Escolar do centro: 2 de setembro de 2020.

1.- NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O Plan de adaptación á situación COVID-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) do noso centro, sendo as máis salientables:

Norma	Modificación
Asistencia ao centro	No caso de presentar síntomas compatibles co COVID, o alumnado ou persoal non deberá vir ao centro.
Xustificación das ausencias	Nos casos de ausencia por síntomas compatibles co COVID-19, abonda co comprobante dos pais/nais ou titorres/as legais.
Xestión das entradas	O alumnado entrará directamente á súa aula segundo vaia chegando ao centro. Deberá seguir as indicacións dos mestres de garda.
Horario das saídas	Alumnado de comedor: <ul style="list-style-type: none">• Educación Infantil: 13:30.• Educación Primaria: a partires das 13:40. Alumnado de transporte e recollido por familiares: <ul style="list-style-type: none">• Educación Infantil: a partires das 13:50.• Educación Primaria: 13:55 para formar as filas. As saídas son secuenciais por cursos.

<p>Espazos utilizados no recreo</p>	<p>Nos recreos seguen rexendo os mesmos horarios, pero os espazos redistribúense do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 10:45 a 11:15: Repartidos entre o parque de EI, o patio cuberto e a pista polideportiva. Por grupos estables de convivencia. • 11:30 a 12:00: 1º e 2º EP no patio Infantil, separados por grupos de convivencia estable, e 3º a 6º de EP na pista polideportiva, dividida por grupos de convivencia estable. • 12:45 a 13:10: Repartidos entre o parque de EI, o patio cuberto e a pista polideportiva. Por grupos estables de convivencia.
<p>Gardas de entrada</p>	<p>Auméntase o número de mestres/as de garda nas entradas, que pasa a ser de 4 mestres/as.</p>
<p>Acompañamento do alumnado</p>	<p>Limitase a un acompañante por alumno dentro do recinto escolar, que en ningún caso pasará do hall do centro.</p>
<p>Titoría</p>	<p>Serán preferentemente telefónicas ou por videoconferencia. Esixirán cita previa. En casos excepcionais poderán realizarse de xeito presencial, tomando as medidas sinaladas no plan de adaptación ao COVID do centro.</p>
<p>Uso dos aseos</p>	<p>Restrínxese o aforo a dúas persoas.</p>
<p>Circulación polo centro</p>	<p>Sempre pola dereita dos corredores e portando máscara.</p>
<p>Conmemoracións</p>	<p>Levaranse a cabo a nivel de aula. Non se farán conmemoracións colectivas.</p>

Estas normas deben ser coñecidas por toda a Comunidade educativa:

Profesorado

O día **1 de setembro** facilitaráselle a cada docente unha copia en formato dixital dos seguintes documentos:

- Plan de adaptación ao COVID-19 do centro.
- Plan de continxencia.
- Programa de acollida.

Como todos eles se van presentar o seguinte día, pregarase que lle dean unha lectura para ir vendo posibles dúbidas ou suxestións.

O día **2 de setembro ás 10 da mañá**, presentaranse na biblioteca do centro os tres documentos de xeito pormenorizado. Aportarase a cada docente un documento con preguntas e respostas a modo de resumo sobre o Protocolo COVID-19 da Xunta de Galicia.

Os membros do equipo COVID do centro estarán **a disposición dos docentes** para aclarar calquera dúbida que vaia xurdindo, apoialos no seu labor e conciencialos dos cambios.

No caso de chegar substitutos ou persoal interino despois do día 2 de setembro, o equipo COVID reunirse con eles para facilitarlles e explicarlles a documentación persoalmente.

Persoal de Administración e Servizos

O día **3 de setembro ás 10 da mañá** haberá unha reunión do equipo COVID co persoal de administración e servizos que está constituído por: conserxe, dous limpadores e unha coidadora. Un dos limpadores ten xornada de tarde, polo que se lle pedirá previamente se pode achegarse ao centro nesa data e hora; de non ser posible, informaráselle a el persoalmente noutro horario.

Entregaráselles unha copia de Plan de adaptación ao COVID e faráselles un resumo incidindo nos apartados máis acordes coas súas funcións.

Familias

Consideramos que estes cambios deben ser coñecidos polas familias antes de comezar o curso escolar para dar atención ás súas dúbidas, aportarlles tranquilidade e promover unha maior fluidez e éxito nos cambios emprendidos.

O principal medio para comunicar estas novas normas será a propia difusión do Plan de adaptación do centro na nosa páxina web oficial.

Entendemos que esa difusión non é suficiente. Cómpre ter un medio máis próximo no que poidan facer as súas aportacións e transmitir as súas dúbidas de xeito máis directo. Esta función desenvólvese nas reunións de inicio de curso que se adiantarán aos días previos ao comezo da actividade lectiva.

Haberá unhas normas comúns a todas elas que serán as seguintes:

- Un único asistente por alumno/a.
- Uso obrigatorio da máscara.
- Hixienizado de mans ao acceder ao centro e ao saír do mesmo.
- Separación entre os asistentes de 1 metro e medio.
- Ventilación e hixienizado da aula antes e despois da reunión.
- Levaranse a cabo dentro da aula de cada grupo, sempre que se poida manter a distancia esixida.
- Tentarase evitar a formación de grupos na entrada e saída, así que segundo vayan chegando os asistentes accederán á aula e ao saír pregaráselles que non queden a falar en grupos na rúa.

As datas de reunión serán as seguintes:

Debido as actuais restricións de reunións a un máximo de 10 persoas vanse ter que desdobrar as reunións de inicio de curso, polo que haberá cambios no día e hora así como no número de participantes. Cada titor/a vaise poñer en contacto coas familias para dar instrucións máis concretas. Estas reunións coincidirán coas reunións de inicio de curso, de ser posible.

Nivel	Data	Hora	Nº Participantes esperados
4º Educación Infantil	Mércores, 9 de setembro	9:30	14
5º Educación Infantil	Mércores, 9 de setembro	11:00	11
6º Educación Infantil	Mércores, 9 de setembro	12:30	11

1º Educación Primaria	Luns, 7 de setembro	9:30	13
2º Educación Primaria	Luns, 7 de setembro	11:00	23
3º Educación Primaria	Luns, 7 de setembro	12:30	19
4º Educación Primaria	Mércores, 9 de setembro	10:00	22
5º Educación Primaria	Martes, 8 de setembro	12:30	24
6º A Educación Primaria	Martes, 8 de setembro	11:00	15
6º B Educación Primaria	Martes, 8 de setembro	11:00	14

Para fixar estas datas e horas seguíronse estes criterios, por orde de prioridade:

1. Non superar o número de 60 participantes esperados entre todas as reunións que se leven a cabo nun día.
2. Non coincidir nas horas de inicio distintas reunións, para evitar aglomeracións nas entradas.
3. Respetar as datas e horas das reunións de Educación Infantil, que xa quedaran fixadas no mes de xuño e se publicaron na web do centro.
4. Deixar unha marxe dende o horario de apertura do centro para poder adecuar o espazo e preparar a reunión.

En todas as reunións facilitarase as familias un díptico cos principais cambios.

Aquelas familias que non asistan ás reunións recibiran, preferentemente por correo electrónico, unha copia do díptico e un enlace para consultar o Plan de adaptación ao COVID-19 do centro.

Alumnado

Estas primeiras semanas do curso son fundamentais para que o alumnado adquira conciencia dos cambios e os normalice dentro da súa rutina. Establécense os seguintes canles para conseguir estes obxectivos:

- **Primeiro día lectivo.** Ao longo desta primeira xornada o alumnado permanecerá co seu titor/a, que se encargará de facer un primeiro achegamento as normas, preferentemente de xeito lúdico e adaptándose a cada idade. Deberá poñerse especial coidado nas entradas e saídas e nos períodos de recreo.



- **Mestres de garda.** Os mestres de garda, coa axuda da conserxe, deben orientar ao alumnado durante a súa chegada ao centro e velar para que cumpran as normas e se adapten aos novos cambios.
- **Todo o profesorado.** Aproveitará calquera momento axeitado para lembrar as novas normas e incluír actividades de educación para a saúde relacionadas coas mesmas.

2.- ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Prevenición

- Constitución do equipo COVID do centro con 3 membros, coincidentes co equipo directivo.
- Creación dun espazo de illamento no hall de entrada ao centro.
- Adxudicación do Centro de Saúde de Novo Mesoiro como centro de saúde de referencia.
- Creación de grupos de convivencia estable en todas as aulas do colexio.
- Adecuación das entradas e saídas, tanto en horario como en organización, para mellorar o fluxo de alumnado e evitar aglomeracións.
- Distribucións das zonas de recreo por grupos estables de convivencia.
- Distribución das mesas, dentro das aulas, para que cada alumno/a manteña unha separación de 1'5 metros.
- Autoavaliación antes de saír do seu domicilio, tanto dos traballadores coma do alumnado, e non vir ao centro en caso de detectar síntomas compatibles co COVID-19.

Hixiene

- Hixiene de mans para toda persoa que accede ou sae do centro. No caso do alumnado, debe ser verificada por un adulto.





- Difusión de normas de hixiene para conter o virus, coma tusir no cóbado, non tocarse a cara, ollos, boca..., ou aprender a poñer e sacar a máscara axeitada-mente.
- Reforzo da limpeza do centro, especialmente das zonas de uso común e dos aseos (que se limparán 3 veces na xornada).
- Dotación de papeleiras accionadas por pedal en todas as estancias do centro.
- Ventilación antes do comezo das clases, en cada cambio e ao finalizar a xornada.
- Dotación de dispensadores de xel na entrada do centro, zonas comúns e aulas.
- Dotación de panos desbotables nos aseos do centro.

Protección

- Uso de máscara durante toda a xornada escolar por parte dos mestres/as, e do alumnado a partir de 1º de EP. Recomendable en EI.
- Uso de mamparas na zona de administración e no servizo de orientación.

3.- ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL

Comezarán a incluírse paulatinamente actividades dentro da Aula Virtual para que o alumnado teña que facer na casa. Estas actividades procuraranos varios obxectivos:

- Detectar ao alumnado que ten **problemas** para facelas, ben sexa por falta de medios, dispoñibilidade de axuda na casa ou falta de coñecementos.
- **Adaptar** ao alumnado, familias e mestres a este xeito de traballo dunha maneira natural.
- Conseguir unha **maior competencia tecnolóxica** en toda a comunidade educativa.
- **Minimizar o impacto** no caso de que teñamos que pasar a unha formación non presencial.

Realizarase un achegamento sinxelo ao **uso da aula virtual** do seguinte xeito:

- Nas **reunións de inicio de curso** explicaráselles ás familias cal vai a ser o procedemento en caso de ter que pasar ao ensino a distancia. Incidirase na importancia de que o alumnado sexa o mais autónomo posible na realización das tarefas segundo a súa idade. Tamén se lles presentará a app “AbalarMóbil” e a páxina web do centro.
- Nos primeiros días facilitaráselle ao alumnado ou ás súas familias o **usuario** que teñen adxudicado na aula virtual e unhas instrucións para cambiar a clave de acceso.
- Nas primeiras semanas de clase, cada titora publicará algún tipo de **actividades na Aula Virtual** e pedirá ao seu alumnado que entre nela dende a casa co seu usuario e contrasinal. As titoras deberán comprobar que alumnos/as fixeron o traballo axeitadamente, e falarán cos que non o conseguiran para coñecer os motivos e así detectar posibles necesidades, tanto tecnolóxicas coma formativas. Estas actividades deberían ser fundamentalmente lúdicas e motivadoras para o alumnado.
- Cada titora intentara propoñer algunha actividade, polo menos cunha **periodicidade semanal**, durante todo o curso, para conseguir que o alumnado e as familias se familiaricen coa plataforma e o xeito de traballar online.

Aqueles cursos que dispoñan de **libros de texto dixitais** deberán amosar o funcionamento dos mesmos ao seu alumnado, realizando algunha actividade práctica na aula. Sería moi aconsellable vincular o acceso ás actividades dos libros dixitais coa aula virtual para que as familias só teñan que utilizar unha única plataforma. Poden usarse estas actividades como “actividade semanal” da que se fala no apartado anterior (no caso de que vaian dentro da aula virtual).

Aínda que a aula virtual pode gozar de foros ou mensaxería interna, é imprescindible que cada alumno/a ou familia posúa un **correo electrónico** propio co que comunicarse co centro. O alumnado de Educación Infantil, así como o de 1º e 2º de Educación Primaria utilizará o correo que faciliten os seus familiares. O alumnado a partir de 3º de EP debería ter o seu propio correo electrónico. Durante o mes de setembro aproveitarase para que o alumnado, coa axuda da titora, cree o seu propio correo electrónico. A titora tomará nota de todos os correos e llos facilitará ás familias xunto co seu contrasinal.

Respecto ás **videoconferencias**, sería interesante realizar algunha durante a vixencia das clases presenciais para comprobar que todo o alumnado/familias teñen as competencias necesarias para participar nelas con soltura.

4.- ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

Os alumnos/as atopáronse durante estes seis meses con situacións nunca vividas que, se xa foron e están sendo duras para os adultos, máis o deben ser para eles/as. Pechados/as na casa sen poder saír, ter que usar máscara para ir a todas partes, buscar alternativas a aniversarios e outros festexos para non incluír a tantas persoas, campamentos ou actividades de verán con restricións...

Isto pode supor unha vantaxe, dado que o alumnado estará xa afeito a certas normas como poñer a máscara, non establecer contacto físico... pero tamén supón un reto porque pode entender a volta ao cole como unha volta á antiga normalidade.

Nas **reunións de inicio de curso** sensibilizarase ás familias para que falen aos seus fillos/as do que suporá a volta ao cole, que terán que seguir mantendo as mesmas medidas que xa están tomando noutros ámbitos, deixando aberta a esperanza de que esta situación será pasaxeira.

O **primeiro día** é moi significativo porque vai marcar a pauta para o resto do curso. É importante que os mestres/as deixen moi claras as normas, pero tamén deben canalizar as inquedanzas do seu alumnado que se vai ver despois de 6 meses separado. É moi importante deixar falar aos nenos/as entre si para que conten as súas experiencias e desafoguen. Os xogos e as actividades eminentemente lúdicas, sempre mantendo as medidas de seguridade, son as máis aconselladas neste primeiro día.

A **escoita** do sentir do alumnado é fundamental en todo momento, pero moito máis na situación que estamos a atravesar. Cómpre abordar actividades que traten di-



rectamente o tema do COVID-19 para ver como o están a percibir os nenos/as. Verbalizar os sentimentos xa é de por si positivo, pero tamén pode axudar ao docente a detectar algún alumno/a que estea xestionando mal a situación, para facilitarlle a súa axuda ou, de ser o caso, poñelo en coñecemento do equipo directivo e do departamento de orientación.

A **transmisión de afecto** é un dos principais problemas co que nos atopamos. A sociedade comeza a amosar certas técnicas que serán de axuda no centro como é o saudarse chocando os cúbados. Os propios alumnos/as poden inventar xeitos de saudar ou “abrazar” sen necesidade de tocarse ou sen usar as mans.

O caso de **Educación Infantil** é moito máis complexo, pois a necesidade afectiva e de contacto é máis elevada, especialmente no período de adaptación ou no caso de caídas ou dores. As mestras destas etapas deberán manter unha hixiene de mans frecuente por se é preciso acariñar ou calmar a un neno/a de xeito urxente, utilizando de preferentemente o abrazo “sen mans” ou dándolle ao neno/a un peluche ao que transferir o afecto.

Sería ideal que cada alumno tivera o seu “obxecto afectivo”.